No seguinte plano e táboa asociada ao mesmo, recóllense os datos relativos ao risco de inundación fluvial y costero para as poboacións de Gondomar.

Risco de inundación para la poboación fluvial



As seguintes táboas recollen os datos mais significativos contidos na táboa de atributos. Para unha mellor localización engadíuselle o río de referencia.

RISCO DE INUNDACIÓN ALTO (Período de retorno T 10)						
Código APRS	Río	Superficie (m2)	Nª Hab afectados	Nº hab municipio	% Poboación afectada	Data
ES014-PO-01-01-04	Rio Miñor	0,455	163	14.286	1,141%	2.019
ES014-PO-01-01-04	Rio Zamans	0,026	60	14.286	0,420%	2.019
ES014-PO-01-01-04	Rego da rasa	0,052	0	14.286	0,000%	2.019
ES014-PO-01-01-04	Rego Zapa	0,006	1	14.286	0,007%	2.019
ES014-PO-01-01-03	Río Groba	0,026	**0**	14.286	0,000%	2.019
Totais		**0,565**	**224**			

RISCO DE INUNDACIÓN MEDIO (Período de retorno T 100)						
Código APRS	Río	Superficie (m2)	Nª Hab afectados	Nº hab municipio	% Poboación afectada	Data
ES014-PO-01-01-04	Rio Miñor	0,527	287	14.286	2,009%	2.019
ES014-PO-01-01-04	Rio Zamans	0,041	89	14.286	0,623%	2.019
ES014-PO-01-01-04	Rego da rasa	0,074	0	14.286	0,000%	2.019
ES014-PO-01-01-04	Rego Zapa	0,007	2	14.286	0,014%	2.019
ES014-PO-01-01-03	Río Groba	0,030	0	14.286	0,000%	2.019
Totais		**0,678**	**378**			

RISCO DE INUNDACIÓN BAIXO (Período de retorno T 500)						
Código APRS	Río	Superficie (m2)	Nº Hab afectados	Nº hab municipio	% Poboación afectada	Data
ES014-PO-01-01-04	Rio Miñor	0,557	339	14.286	2,373%	2.019
ES014-PO-01-01-04	Rio Zamans	0,049	131	14.286	0,917%	2.019
ES014-PO-01-01-04	Rego da rasa	0,076	0	14.286	0,000%	2.019
ES014-PO-01-01-04	Rego Zapa	0,007	2	14.286	0,014%	2.019
ES014-PO-01-01-03	Rio Groba	0,032	0	14.286	0,000%	2.019
Totais		**0,721**	**472**			

Para interpretar estas táboas correctamente debe considerarse que dado que cada período de retorno (T) inclúe a superficie do precedente, por tanto, o T 100 incorpora a superficie de T10 e o T 500 engloba ambas as superficies (T 10 e T 100), o número do total de persoas afectadas non é a adición das diferentes persoas afectadas en cada período de retorno senón as afectadas no T 500.

Por tanto, das táboas despréndese que existen un total de 472 persoas con risco baixo de inundación no Concello de Gondomar, dos cales 224 (o 47,46% das persoas con risco de inundación) presentan un risco alto e 378 (o 80,08 %) un risco medio.

Mapas de risco para a poboación costeiros e táboa asociada



Risco de inundacion para a poboacion orixen costero T 100 e T 500					
	Codigo APRS	Superficie (m2)	Numero Hab afectados	N hab municipio	% poblacion afectada
Risco medio (T 100)	ES014-PO-01-01-22-C	0,24	15,00	13.954,00	0,11%
Risco Baixo (T 500)	ES014-PO-01-01-22-C	0,24	15,00	13.954,00	0,11%

Na táboa vemos que estima un afección a 15 persoas

2.4.2.Mapa de risco para actividade económica

Analogamente a capítulos anteriores expoñemos a metodoloxía para crear a cartografía de Risco de actividades económicas:

A consideración da actividade económica vén determinada por un dos requisitos mínimos do artigo 9 do Capítulo III do RD 903/2010: “tipo de actividade económica da zona que pode verse afectada”.

A información de partida para analizar a actividade económica en cada uso do solo incluído nunha zona inundable foi o SIOSE 2005-2009 (Sistema de Información sobre Ocupación do Solo en España) proporcionado polo IGN, e o SIOSE 2011 proporcionado polo Instituto de Estudos do Territorio da Xunta de Galicia. Comprobouse a idoneidade das categorías de solo do SIOSE mediante as ortofotos actuais do PNOA.

Co fin de detallar máis os usos de maior valor económico actualizouse mediante procesos SIX a información do SIOSE cos polígonos de edificacións, industrias e centros relixiosos extraídos da cartografía BTN25 (Base Topográfica Nacional a escala 1:25.000) proporcionada polo IGN. Así pois acadouse unha cartografía de coberturas máis detallada coa consideración da porcentaxe de ocupación de cada uso do solo nesas coberturas.

Baseado no uso do solo con maior porcentaxe de ocupación en cada cobertura, extraeuse o uso preponderante que caracteriza cada zona asolagable. Este uso maioritario é o que se informa nos mapas de risco. A información relativa á actividade económica (uso maioritario por polígono) clasificouse nas seguintes categorías xerais, que se corresponden coas categorías da Reporting Guidance marcadas pola Comisión Europea.

TIPO DE ACTIVIDAD ECONÓMICA	CÓDIGO	CATEGORÍAS PARA EL REPORTING
Urbano concentrado	URC	B41: Property
Urbano disperso	URD	
Asociado a urbano	AU	B45: Other
Infraestructura social	IS	B42: Infrastructure
Terciario	T	B44: Economic Activity
Industrial concentrado	INC	
Industrial disperso	IND	
Agrícola-secano	AS	B43: Rural Land Use
Agrícola-regadío	AR	
Otros usos rurales	OR	
Forestal	F	B46: Not applicable
Infraestructuras: carreteras	ICA	B42: Infrastructure
Infraestructuras: ferrocarriles	IF	
Infraestructuras: puertos y aeropuertos	IA	
Infraestructuras: energía	IE	
Infraestructuras: comunicaciones	ICO	
Infraestructuras: hidráulico-sanitarias	IH	
Infraestructuras: residuos	IR	
Masas de agua	MA	B46: Not applicable
Otras áreas sin riesgo	OA	

O obxectivo é que este mapa presente un valor monetario por unidade de superficie en canto á potencial valoración económica das perdas que se producirían en caso de inundación. Non ha de entenderse esta valoración económica como un valor absoluto monetario das perdas, senón como un valor útil para a comparación dunhas zonas inundables respecto a outras, para priorizar as actuacións a realizar nos planos de xestión do risco.

O procedemento para achegar a valoración económica é o seguinte

- Asignación dun valor monetario segundo a categoría de uso do solo asolagada.
- Aplicación dun coeficiente de redución do valor anterior en función do calado obtido nos mapas de perigosidade.
- Valoración económica AE (€) = Superficie afectada AE (m^2) × Valor unitario AE (€/m^2) x Coeficiente Perigosidade

Uso do chan		Valor do risco inicial (€/m²)
AR	Agrícola- regadío	5
AS	Agrícola-secaño	1
AU	Asociado a urbano	150
F	Forestal	0
IA	Infraestruturas: portos e aeroportos	450
ICA	Infraestruturas: estradas	250
ICO	Infraestruturas: comunicacións	500
IE	Infraestruturas: enerxía	500
IF	Infraestruturas: ferrocarrís	350
IH	Infraestruturas: hidráulico-sanitarias	500
IR	Infraestruturas: residuos	150
IS	Infraestrutura: social	20-200(1)
INC	Industrial concentrado	450
INC	Industrial disperso	170
MA	Masas de auga	0
OA	Outras áreas sen risco	0
OR	Outros usos rurais	0.5
T	Terciario	380
URC	Urbano concentrado. Edificacións en altura	350
URD	Urbano disperso	170

O mapa resultante para este parámetro no Concello de Gondomar é:

Mapa de risco actividade económica (orixe fluvial)



As táboas asociadas ao mapa son

VALORACION ECONOMICA DO RISCO DE INUNDACIÓN MEDIO (Periodo de retorno T 100)					
Codigo_ARPSI	Superficie	Tipo Actividade afectada	Propiedade afectada	Ries An Es	Dañ Ec Es
ES014-PO-01-01-04	31.875,016	Urbano disperso	Si	31.732,030	3.173.203,000
ES014-PO-01-01-04	5.427,711	Urbano disperso	Si	5.219,340	521.934,000
ES014-PO-01-01-04	20.078,960	Urbano concentrado	Si	39.793,950	3.979.395,000
ES014-PO-01-01-04	7.673,145	Urbano concentrado	Si	14.900,900	1.490.090,000
ES014-PO-01-01-04	35.641,416	Masas de agua	No	0,000	0,000
ES014-PO-01-01-04	8.099,292	Masas de agua	No	0,000	0,000
ES014-PO-01-01-04	842,189	Masas de agua	No	0,000	0,000
ES014-PO-01-01-04	14.546,476	Masas de agua	No	0,000	0,000
ES014-PO-01-01-04	26,953	Infraestructuras: carreteras	No	13,500	1.350,000
ES014-PO-01-01-04	572,441	Infraestructuras: carreteras	No	569,750	56.975,000
ES014-PO-01-01-04	53,200	Infraestructuras: carreteras	No	444,250	44.425,000
ES014-PO-01-01-04	13.059,779	Infraestructura social	No	20.740,200	2.074.020,000
ES014-PO-01-01-04	3.660,383	Infraestructura social	No	6.068,800	606.880,000
ES014-PO-01-01-04	2.107,702	Industrial concentrado	No	5.575,500	557.550,000
ES014-PO-01-01-04	123.761,425	Forestal	No	0,000	0,000
ES014-PO-01-01-04	30.671,821	Forestal	No	0,000	0,000
ES014-PO-01-01-04	2.148,313	Forestal	No	0,000	0,000
ES014-PO-01-01-04	6.202,676	Forestal	No	0,000	0,000
ES014-PO-01-01-04	300.078,344	Agrícola secano	No	2.144,610	214.461,000
ES014-PO-01-01-04	34.302,413	Agrícola secano	No	176,930	17.693,000
ES014-PO-01-01-04	3.322,131	Agrícola secano	No	12,080	1.208,000
ES014-PO-01-01-04	3.519,701	Agrícola secano	Si	13,140	1.314,000
Tortal	**647.671,49**			**127.404,98**	**12.740.498,00**

VALORACION ECONOMICA DO RISCO DE INUNDACIÓN BAIXO (Periodo de retorno T500)					
Codigo_ARPSI	Superficie	Tipo Actividade afectada	Propiedade afectada	Ries An Es	Dañ Ec Es
ES014-PO-01-01-04	40.713,000	Urbano disperso	Si	7.858,556	3.929.278,000
ES014-PO-01-01-04	5.916,000	Urbano disperso	Si	1.330,148	665.074,000
ES014-PO-01-01-04	21.690,000	Urbano concentrado	Si	10.201,380	5.100.690,000
ES014-PO-01-01-04	12.902,000	Urbano concentrado	Si	4.509,260	2.254.630,000
ES014-PO-01-01-04	35.700,000	Masas de agua	No	0,000	0,000
ES014-PO-01-01-04	8.099,000	Masas de agua	No	0,000	0,000
ES014-PO-01-01-04	842,000	Masas de agua	No	0,000	0,000
ES014-PO-01-01-04	14.571,000	Masas de agua	No	0,000	0,000
ES014-PO-01-01-04	34,000	Infraestructuras: carreteras	No	6,400	3.200,000
ES014-PO-01-01-04	588,000	Infraestructuras: carreteras	No	119,650	59.825,000
ES014-PO-01-01-04	197,000	Infraestructuras: carreteras	No	121,800	60.900,000
ES014-PO-01-01-04	17.641,000	Infraestructura social	No	4.818,960	2.409.480,000
ES014-PO-01-01-04	3.779,000	Infraestructura social	No	1.301,600	650.800,000
ES014-PO-01-01-04	2.120,000	Industrial concentrado	No	1.180,440	590.220,000
ES014-PO-01-01-04	126.574,000	Forestal	No	0,000	0,000
ES014-PO-01-01-04	31.259,000	Forestal	No	0,000	0,000
ES014-PO-01-01-04	7.954,000	Forestal	No	0,000	0,000
ES014-PO-01-01-04	2.225,000	Forestal	No	0,000	0,000
ES014-PO-01-01-04	312.537,000	Agrícola secano	No	470,886	235.443,000
ES014-PO-01-01-04	35.889,000	Agrícola secano	No	40,484	20.242,000
ES014-PO-01-01-04	3.950,000	Agrícola secano	Si	2,934	1.467,000
ES014-PO-01-01-04	3.599,000	Agrícola secano	No	4,006	2.003,000

Mapa de risco actividade económica (orixe costeiro)



Os datos refírense ao ámbito considerado pola cartografía, que é maior que a superficie afectada do Concello de Gondomar, pero en calquera caso, só considera afeccións ao urbano disperso e por tanto non valora unha cuantificación económica dos danos, como se pode observar nas seguintes táboas.

Valoración económica, risco de inundación medio (T 100) de orixe costeiro					
Codigo ARPSI	Superficie	Tipo actividade economica	Propiedades afectadas	Ries An Es	Dañ Ec Es
ES014-PO-01-01-22-C	41.578	Forestal	NO	0,00	0,00
ES014-PO-01-01-22-C	56.074	Agrícola-Secano	NO	0,00	0,00
ES014-PO-01-01-22-C	887.644	Masas de agua	NO	0,00	0,00
ES014-PO-01-01-22-C	51.090	Urbano disperso	SI	0,00	0,00
ES014-PO-01-01-22-C	60.367	Asociado a urbano	NO	0,00	0,00

Valoración económica, risco de inundación baixo (T 500) de orixe costeiro					
Codigo ARPSI	Superficie	Tipo actividade economica	Propiedades afectadas	Ries An Es	Dañ Ec Es
ES014-PO-01-01-22-C	61.167	Agrícola-Secano	NO	0,00	0,00
ES014-PO-01-01-22-C	78.264	Asociado a urbano	NO	0,00	0,00
ES014-PO-01-01-22-C	44.440	Forestal	NO	0,00	0,00
ES014-PO-01-01-22-C	888.926	Masas de agua	NO	0,00	0,00
ES014-PO-01-01-22-C	59.085	Urbano disperso	SI	0,00	0,00

2.4.3.Mapa de risco para áreas protexidas ambientalmente

Esta cartografía considera as zonas con algunha protección ambiental que se ven afectados polas áreas inundables nos escenarios T 10, T 100 e T 500 anos.

Nas zonas para a protección de hábitats ou especies consideráronse as zonas protexidas incluídas no rexistro do Plano Hidrolóxico que están relacionadas con hábitats ou especies.

- Áreas de importancia para aves: IBA.
- Rede Natura 2000: LIC (Lugares de Importancia Comunitaria) e ZEPA (Zonas de Especial Protección para as Aves).
- Zonas de Protección a nivel autonómico, Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais: ZEPVN.
- Humidais de importancia internacional RAMSAR.
- Zonas húmidas.
- Tramos que requiren unha especial protección debido á existencia de especies ameazadas.

As zonas inundables no Concello de Gondomar non afectan a ningunha destas áreas. Porque, de feito, o concello carece de espazos catalogados con algunha figura de conservación.

2.4.4.Mapa de risco puntos especial importancia

De acordo co artigo 9 do RD 903/2010, considéranse catro tipos específicos de zonas de especial importancia para cada un dos períodos de retorno (ou risco)

- Emisións industriais a que se refire o anexo 1 do RDL 1/2016, de IPPC.
- Estacións Depuradoras de Augas Residuais (EDAR).
- Patrimonio cultural.
- Elementos significativos para protección civil

No mapa e táboa adxunta preséntanse estes datos

Mapa de risco actividade puntos de especial importancia (orixe fluvial)



Mapa de risco puntos especial importancia T 10 e T 100

Codigo ARPSI	Tipo_Afección	Cod._Elemento	Nome_Elemento	Descripción elemento	Clasificación elemento
ES014-PO-01-01-04	PATRIMONIO CULTURAL	36021_41367	Elemento Artístico (ECPC)	Ponte das Ánimas. Gondomar	MOI GRAVE
ES014-PO-01-01-04	PROTECCIÓN CIVIL	ES014-PO-01-01-04-01_PC_01	Instalación deportiva	Pista Skate de Gondomar	MOI GRAVE
ES014-PO-01-01-04	PROTECCIÓN CIVIL	ES014-PO-01-01-04-01_PC_02	Instalación deportiva	Pista Polideportiva de Gondomar	MOI GRAVE
ES014-PO-01-01-04	PROTECCIÓN CIVIL	ES014-PO-01-01-04-01_PC_03	Instalación deportiva	Pistas de tenis de As Cercas	MOI GRAVE
ES014-PO-01-01-04	PATRIMONIO CULTURAL	36021_55874	Elemento Etnográfico (ECPC)	Ponte Mañufe	MOI GRAVE
ES014-PO-01-01-04	PATRIMONIO CULTURAL	36021_56008	Elemento Etnográfico (ECPC)	Acueducto do río Bravo	LEVE
ES014-PO-01-01-04	PATRIMONIO CULTURAL	36021_56009	Elemento Etnográfico (ECPC)	Pontella do río Bravo	MOI GRAVE

Mapa de risco puntos especial importancia T 500

Codigo ARPSI	Tipo_Afección	Cod._Elemento	Nome_Elemento	Descripción elemento	Clasificación elemento
ES014-PO-01-01-04	PROTECCIÓN CIVIL	ES014-PO-01-01-04-01_PC_04	Instalación deportiva	Campo de fútbol As Cercas	LEVE
ES014-PO-01-01-04	PATRIMONIO CULTURAL	36021_41367	Elemento Artístico (ECPC)	Ponte das Ánimas. Gondomar	MOI GRAVE
ES014-PO-01-01-04	PROTECCIÓN CIVIL	ES014-PO-01-01-04-01_PC_01	Instalación deportiva	Pista Skate de Gondomar	MOI GRAVE
ES014-PO-01-01-04	PROTECCIÓN CIVIL	ES014-PO-01-01-04-01_PC_02	Instalación deportiva	Pista Polideportiva de Gondomar	MOI GRAVE
ES014-PO-01-01-04	PROTECCIÓN CIVIL	ES014-PO-01-01-04-01_PC_03	Instalación deportiva	Pistas de tenis de As Cercas	MOI GRAVE
ES014-PO-01-01-04	PATRIMONIO CULTURAL	36021_55874	Elemento Etnográfico (ECPC)	Ponte Mañufe	MOI GRAVE
ES014-PO-01-01-04	PATRIMONIO CULTURAL	36021_56008	Elemento Etnográfico (ECPC)	Acueducto do río Bravo	MOI GRAVE
ES014-PO-01-01-04	PATRIMONIO CULTURAL	36021_56009	Elemento Etnográfico (ECPC)	Pontella do río Bravo	MOI GRAVE

Os datos determinan sete puntos de especial interese dentro do período de retorno de 10 anos e oito no período de retorno de T 500, que engade aos do T 10 o campo de fútbol das Cercas.

2.4.5.Actualización dos mapas de risco datos concello

No seguinte mapa, pódense observar fotografías da gran inundación do ano superpostas á cartografía do catastro e a zona de fluxo preferente. Obsérvase unha máis que razoable coincidencia desta zonas asolagadas coa zona de fluxo preferente.



En reunións co goberno municipal considérase necesario analizar os danos reais provocados nas reiteradas inundacións que sofre o Concello sobre os puntos de interese do Concello. No seguinte plano e táboa recóllense estes puntos en relación cos escenarios T 10, T 100 e T 500.



Puntos de Especial importancia Aportados polo Concello

Id	Nome_infra	Tipoloxia	T 10	T 100	T 500
1	**Ponte de Ánimas**	Ponte	Si	Si	Si
2	**Poldras de Ánimas**	Poldra	Si	Si	Si
3	**Ponte estrada**	Ponte	Si	Si	Si
4	**Pista skatepark**	Instalación deportiva	Si	Si	Si
5	**Pista Cercas**	Instalación deportiva	Si	Si	Si
6	**Pistas de tenis**	Instalación deportiva	Si	Si	Si
7	**CDL**	Instalación lúdico cultural	Si	Si	Si
8	**Almacén municipal**	Instalación	Si	Si	Si
9	**Centro nueral Poli**	Instalación municipal			Si
10	**Campo fútbol Cercas**	Instalación deportiva			Si
11	**Calistenia**	Instalación deportiva		Si	Si
12	**Zona verde Palomas**	Zona verde	Si	Si	Si
13	**Parque de Änimas**	Zona verde		Si	Si
14	**Parque da Coelleira**	Zona verde	Si	Si	Si
15	**Pontella matadoiro**	Ponte	Si	Si	Si
16	**Antigo matadoiro**	Instalación lúdico cultural	Si	Si	Si
17	**Parque lúdico canin**	Instalación lúdico deportiva	Si	Si	Si
18	**Ponte peonil**	Infraestructura			Si

19	**Praza de abastos**	Infraestructura	Si	Si	Si
20	**Xulgado de paz**	Infraestructura			Si
21	**Ponte de Rosas**	Ponte	Si	Si	Si
22	**Lavadoiro de Rosas**	Lavadoiro	Si	Si	Si
23	**Zona verde de Rosas**	Zona verde	Si	Si	Si
24	**Acueducto do Bravo**	Acueducto			Si
25	**Pontella do Bravo**	Ponte	Si	Si	Si
26	**Parque Baixa Redonda**	Zona Verde			Si
27	**Lavadoiro da Ponte**	Lavadoiro	Si	Si	Si
28	**Ponte de Mañufe***	Ponte			Si
29	**Praza Rosalía Castro**	Praza		Si	Si

Mapa de risco actividade puntos de especial importancia (orixe costeiro)



O mapa só recolle unha afección que clasifica de grave a unha torre de alta tensión

3. ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN DO PLAN

3.1. DIRECTOR DO PLAN DE ACTUACIÓN MUNICIPAL

O Alcalde ou Alcaldesa do Concello de Gondomar, como máxima autoridade da Protección Civil a nivel local, dirixirá as actuacións no seu Concello, conforme ó PAM para o risco de inundacións do municipio, reportando dende o CECOPAL a información da emerxencia ó CECOP a través do CIAE-112. No caso de ausencia ou imposibilidade do Alcalde de exercer o papel como Director do PAM, será responsable o seu substituto no cargo o/a Tenente alcalde

Nome/Cargo operativo	Cargo habitual	Teléfono de contacto en caso de emerxencia	Nº de ficha de actuación
Titular	Alcalde	986360125 606376448	1
Substituto	Tenente Alcalde	986360125 609587851	1

FUNCIÓNS

- Declarar a activación e desactivación do PAM. Informar ó director do PLAN INUNGAL a través do CIAE-112.
- Convocar ós membros do COMITÉ ASESOR.
- Constituír e exercer a dirección do CECOPAL
- Informar e coordinarse co director do Plan INUNGAL.
- Analizar e valorar a situación.
- Avaliar e determinar os elementos vulnerables, poñéndoos en coñecemento do director do Plan INUNGAL.
- Decidir en todo momento, xunto co COMITÉ ASESOR, as actuacións máis axeitadas para facer fronte á emerxencia dentro do seu ámbito de responsabilidade e aplicar as medidas de protección á poboación, ós bens e ó medio ambiente.
- Ordenar a incorporación dos medios e recursos municipais dispoñibles ós grupos operativos do Plan INUNGAL, para garantir a protección e a seguridade da poboación.
- Asegurar o mantemento e a operatividade do Plan de Actuación Municipal.
- Ordenar as actuacións pertinentes para restituír a normalidade, unha vez finalizada a emerxencia.
- Declarar o fin da emerxencia.
- Asegurar o mantemento da operatividade do Plan.
- Designar ós compoñentes do COMITÉ ASESOR, do GABINETE DE INFORMACIÓN e o DIRECTOR DO POSTO DE MANDO AVANZADO.

3.2. COMITÉ ASESOR

O director do Plan constituirá un Comité Asesor, formado polos xefes dos Grupos de Acción, e outros técnicos municipais, ou externos que se considere necesario no momento da emerxencia.

CARGO OPERATIVO	CARGO HABITUAL	TELÉFONO CONTACTO	FICHA DE ACTUACIÓN
DIRECTOR TÉCNICO DA EMERXENCIA	XEFE DA POLICÍA LOCAL	986360125 667864092	2
Substituto	CONCELLEIRO/A DE MEDIOAMBIENTE	986360125 678877621	2
XEFE DO GRUPO LOCAL DE INTERVENCIÓN	COORDINADOR DO SERVIZO DE EMERXENCIAS GES VALMIÑOR	690606775	4
Substituto	COORDINADOR BRIGADAS EDUCACIÓN	986 360125 629504731	4
XEFE DO GRUPO LOCAL SANITARIO	COORDINADOR/A CENTRO E SAÚDE	986 369055	5
Substituto	CONCELLEIRO/A DE SANIDADE	986 360125 609587851	5
XEFE DO GRUPO LOCAL DE APOIO LOXÍSTICO	CAPATAZ DE VÍAS E OBRAS	986 389191 696908732	6
Substituto	CONCELLEIRO/A SEGURIDADE E TRÁFICO	986 389191 669451669	6
XEFE DO GRUPO LOCAL DE SEGURIDADE	COMANDANTE POSTO GARDA CIVIL GONDOMAR	986360040 680405599	6
Substituto	CABO DA GARDA CIVIL DE GONDOMAR	986360040	6
XEFE DO GRUPO LOCAL DE APOIO TÉCNICO	ARQUITECTO/A MUNICIPAL	986 360125 678874975	7
Substituto	APARELLADOR/A MUNICIPAL	986 360125 678874976	7

FUNCIÓNS

En fase de Preemerxencia, os membros do Comité Asesor deberán procurar permanecer localizables para poder incorporarse ó Comité Asesor en caso de constitución do CECOPAL, ou para mobilizar os medios necesarios adscritos ó seu Grupo de Acción coa maior celeridade.

Unha vez se entre en fase de Emerxencia:

- Analizar e valorar a situación, asesorando ó director do Plan

- Coordinar as actuacións dos GRUPOS OPERATIVOS locais coas dos grupos do posto de mando avanzado.
- Coordinar, dirixir e ordenar as actuacións do respectivo GRUPO OPERATIVO do que o membro é representante.

3.3. DIRECTOR TÉCNICO DE EMERXENCIA

De acordo coa gravidade e tipo de emerxencia, o Director do Plan poderá ordenar a constitución nas inmediacións da zona afectada , do PMA, que é o cento de mando próximo ó lugar da emerxencia , dende onde se dirixirá e coordinará a actuación dos Grupos de Acción intervenientes. O Director Técnico será o XEFE DA POLICÍA LOCAL de Gondomar.

O PMA estará composto polos coordinadores dos Grupos de Acción, e estará en comunicación constante co CECOPAL, seguindo as directrices do Director do Plan.

Nome/Cargo Operativo	Cargo habitual	Teléfono de contacto	Nº ficha actuación
Titular	XEFE DA POLICÍA LOCAL	986 360125 667864092	2
Substituto	CONCELLEIRO/A DE MEDIOAMBIENTE	986 360125 678877621	2

FUNCIÓNS

- Asesorar ó director do PAM directamente e como membro do Comité Asesor.
- Coordinar as actuacións dos Grupos Operativos locais coas dos grupos do posto de mando avanzado.
- Situar e constituír o PMA. Esta localización será sempre en función do desenvolvemento da emerxencia, buscando n lugar que presente garantías de seguridade.
- Solicitar información sobre a emerxencia e a súa evolución dando conta o CECOPAL.
- Coordinar as solicitudes de recursos precisos.
- Dependendo da evolución da emerxencia, aconsellar ó Director do Plan sobre a necesidade de posibles evacuacións, tendo en conta os puntos de encontro , as vías de evacuación, así como os centros de recepción de evacuados previstos no presente Plan.

3.4. GABINETE DE INFORMACIÓN

Dependendo directamente do Director do Plan poderase constituír no seu momento o Gabinete de Información, situándose no propio CECOPAL. A través de devandito gabinete, e en coordinación co CIAE 112, canalízase toda a información ós medios locais de comunicación social e á poboación en xeral con todos os medios que teña ó seu alcance.

Nome/Cargo Operativo	Cargo Habitual	Teléfono contacto	Nº Ficha actuación
Titular	XEFE/A GABINETE ALCALDÍA	986 360125 670626593	3
Substituto	SECRETARÍA ALCALDÍA	986 360125	3

FUNCIÓNS

- O Gabinete de Información do PAM deberá estar en contacto permanente co Gabinete de Información do Plan INUNGAL. O Titular do Gabinete Municipal de Información asegurará esta coordinación.
- Centralizar, coordinar e preparar a información sobre a emerxencia (elaboración de comunicados, ordes e recomendacións), en coordinación co Gabinete de Información do Plan INUNGAL, facilitándolla á poboación en nome do director do Plan a través dos medios de comunicación de titularidade propia ou mediante os medios de comunicación social
- Asistir a toda a prensa proporcionando a información necesaria de carácter municipal, en coordinación do Gabinete de Información do Plan INUNGAL, e corrixindo as informacións erróneas.
- Transmitir os datos significativos ó Gabinete de Información do Plan INUNGAL.

As emisoras de radio que se empregarán como medio de difusión durante a situación de alerta ou emerxencia serán:

Emisora	Frecuencia
Radio Galega	103.9 MHz
Radio Nacional de España	100.4 MHz
Radio Local	

Tamén se empregarán os medios de comunicación seguintes:

Medio de Comunicación	Tfno. de contacto	Enderezo electrónico
FARO DE VIGO (Neli Pillado)	600623244	baiona@farodevigo.es
ATLÁNTICO DIARIO (Pablo Fernández)	661735088	pfernandezestevez@gmail.com
VAL MIÑOR TV (Alberto Rodríguez)	669223882	Albertoc2000@yahoo.es
TELEMARIÑAS		telemarinhas@gmail.com
LA VOZ DE GALICIA (Mónica Torres)	659186599	Mónica.torres@lavoz.es

3.5. GRUPOS OPERATIVOS

3.5.1.Grupo local de intervención

RESPONSABLE

Nome/Cargo Operativo	Cargo habitual	Teléfono Contacto	Nº ficha actuación
Responsable	COORDINADOR DO SERVIZO DE EMERXENCIAS (GES VALMIÑOR)	690606775	4
Substituto	COORDINADOR BRIGADAS EDUCACIÓN	986 360125 629504731	4

FUNCIÓNS

- Coordinar os traballos na zona afectada de acordo co Xefe do Grupo de Intervención do plan INUNGAL (no caso de terse activado).
- Asesorar e informar ó director do PAM da evolución da situación en tempo real.
- Procura, salvamento e rescate de persoas.
- Controlar, reducir ou neutralizar os efectos da inundación.
- Recoñecemento e avaliación de riscos asociados.
- Determinar a área de intervención.
- Socorro de persoas illadas ou desaparecidas.
- Impedir o colapso das estruturas.

COMPOSICIÓN

Nome/Cargo Operativo	Cargo Habitual	Localización	Teléfono Contacto	Nº Ficha actuación
Xefe G. Loc. de intervención	COORDINADOR DO GES VALMIÑOR	SEDE GES VAL MIÑOR (NIGRÁN)	690606775	4
Substituto	COORDINADOR BRIGADAS EDUCACIÓN	CONCELLO	986 360125 629504731	6
	AXENTE GARDA CIVIL	POSTO GARDA CIVIL	986360040	6
	AXENTE POLICÍA LOCAL	XEFATURA DE POLICÍA	986360125	6
	RESPONSABLE BOMBEIROS GES	SEDE GES VAL MIÑOR	690606775	4

	RESPONSABLE PROTECCIÓN CIVIL VAL MIÑOR	SEDE P. CIVIL VALMIÑOR	649843325	2
	BRIGADA MUNICIP..	CONCELLO	986 360125	2

3.5.2.Grupo local sanitario

COMPOSICIÓN

Nome/Cargo Operativo	Cargo Habitual	Localización	Teléfono Contacto	Nº Ficha actuación
Titular	COORDINADOR /A CENTRO DE SAÚDE GONDOMAR	CENTRO DE SAÚDE	986369055	5
Substituto	MEDICO GARDA CENTRO SAÚDE	CENTRO DE SAÚDE	986360125	5
	COORDINADOR /A CENTRO DE SAÚDE BAIONA	CONCELLO DE BAIONA	986357239	5
	COORDINADOR /A CENTRO DE SAÚDE NIGRÁN	CONCELLO DE NIGRÁN	986386990	5

FUNCIÓNS

- Colaborar nas tarefas seguintes, de acordo co Xefe do Grupo Sanitario do Plan INUNGAL (no caso de estar activado).
- Asesorar e informar ó Director do PAM da evolución da situación en tempo real.
- Informarse da situación sanitaria na área da emerxencia.
- Establecer e controlar a área sanitaria nunha zona adecuada e segura, próxima ó lugar da emerxencia, de acordo co responsable do PMA.
- Coñecer o estado e a situación dos afectados.
- Prestar asistencia sanitaria in situ.
- Clasificar, estabilizar e evacuar ós feridos.
- Organizar a infraestrutura de recepción hospitalaria.
- Coordinar o traslado dos feridos ós centros hospitalarios receptores.
- Identificar ás vítimas en primeira instancia en colaboración cos servizos correspondentes.
- Cubrir as necesidades farmacéuticas.
- Vixiar e controlar a potabilidade das augas e a hixiene dos alimentos.
- Prestar atención psicolóxica ós afectados e ós familiares.

- Realizar tarefas de saúde pública.
- Coordinar as actuacións cos outros grupos ó través do PMA.

3.5.3.Grupo local de apoio loxístico e de seguridade

Este grupo estará coordinado polo CAPATAZ DE VÍAS E OBRAS DO CONCELLO DE GONDOMAR. Está formado por dúas unidades básicas que serán as responsables de garantir a seguridade cidadá e a orden nas zonas afectadas. Tamén se responsabilizarán de facilitar ós demais Grupos Operativos das infraestruturas, equipamentos e suministros que precisen para o desenvolvemento da súa actividade, así como atender á poboación afectada.

Nome/Cargo Operativo	Cargo Habitual	Localización	Nº ficha de actuación
Resp. apoio loxístico Titular	CAPATAZ DE VÍAS E OBRAS	CONCELLO	6
Substituto	CAPATAZ DO SERVIZO DE EDUCACIÓN	CONCELLO	6
Resp seguridade Titular	CABO GARDA CIVIL GONDOMAR	POSTO GARDA CIVIL GONDOMAR	6
Resp seguridade substituto	AXENTE POLICÍA LOCAL	XEFATURA POLICÍA	6

3.5.3.1. Equipo operativo de apoio loxístico

FUNCIÓNS

- Coordinar as tarefas de acordo co xefe do Grupo de Apoio Loxístico do plan INUNGAL
- Asesorar e informar ó Director do PAM sobre a evolución da situación en tempo real.
- Asesorar a provisión de recursos complementarios que o director do INUNGAL e os GRUPOS OPERATIVOS necesiten para cumprir as súas misión e a mobilización destes medios. Xestionar os recursos e medios municipais (públicos e privados) para poñelos a disposición dos grupos.
- Función loxística municipal e a xestión dos servizos básicos municipais (servizos municipais de auga, de recollida de escombros, ……..). Organizar e dirixir as accións e traballos a realizar para restablecer os servizos básicos municipais.
- Proporcionar soporte á constitución do PMA.
- Subministrar material lixeiro e pesado de traballo e transporte.
- Proporcionar soporte para o abastecemento do persoal dos grupos e combustible para os vehículos das máquinas.
- Preparar, no caso de que sexa necesario, os lugares de acollida no caso de evacuación ou afastamento.
- Garantir as comunicación entre os distintos Grupos Operativos, CECOPAL, PMA, etc.
- Establecer sistemas complementarios alternativos de comunicación cando sexa necesario.
- Proporcionar soporte técnico.
- Coordinar as súas actuacións cos outros grupos a través do PMA.

3.5.3.2. Equipo operativo de seguridade

FUNCIÓNS

- Coordinar as tarefas de acordo co xefe de do Grupo de Seguridade do Plan INUNGAL.
- Asesorar e informar ó Director do PAM da evolución da situación en tempo real.
- Recibir e notificar en primeira instancia e de forma inmediata a existencia da emerxencia ó CIAE-112.
- Avisar e informar á poboación afectada e, en particular, ós elementos especialmente vulnerables.
- Comunicar á poboación as medidas a adoptar, e asegurar a súa aplicación.
- Executar as medidas de protección sobre so elementos vulnerables: coordinar e executara evacuación ou o afastamento da poboación, de acordo coas indicacións do disector do Plan INUNGAL e asegurar as súa aplicación. Coordinar as tarefas.
- Efectuar a relación de persoas afectadas (evacuadas).
- Garantir a seguridade cidadá na zona de risco.
- Garantir que os Grupos Operativos poden actuar sen ningún impedimento.
- Garantir o control de accesos e a vixilancia viaria das zonas afectadas.Garantir o control de tránsito de acceso dos compoñentes dos grupos á zona de emerxencia; especialmente, sinalizar e guiar ós actuantes cara o PMA e cara a área sanitaria.
- Coordinar as súas actuacións coas dos outros grupos a través do PMA.

3.5.4.Grupo local de apoio técnico e rehabilitación de servizos públicos

COMPOSICIÓN

É un órgano instrumental, cuxo fin é asesorar tecnicamente sobre as medidas correctoras e de reparación necesarias para facer fronte a determinados tipos de riscos, controlar a causa que os orixina, minorar os seus efectos e prever as medidas de rehabilitación de servizos ou infraestruturas esencias danados durante e despois da emerxencia.

A misión deste grupo é a de rehabilitar os servizos públicos esenciais, no mínimo período de tempo, buscando, ata as súa rehabilitación, solución alternativas.

Nome/Cargo Operativo	Cargo habitual	Teléfono de contacto	Nº actuación ficha
Xefe de Grupo	Arquitecto/ a Municipal	986 360125 678.874.975	2
Substituto	Aparellador/ a Municipal	986 360125 678.874.976	2

FUNCIÓNS

- Coordinar as tarefas de acordo co Xefe do Grupo de Rehabilitación dos Servizos Públicos do Plan INUNGAL.
- Asesorar e informar ó Director do PAM da evolución da situación en tempo real
- Propoñer as medidas de carácter corrector precisas para facer fronte, controlar ou minorar as consecuencias de determinados tipos de riscos.
- Avaliar os equipos necesarios para a aplicación destas medidas.
- Executar as medidas necesarias para conseguir a rehabilitación e restablecemento dos servizos públicos esenciais: auga, luz, teléfono, gas, combustibles.
- Proporcionar solucións alternativas de carácter temporal antes do restablecemento normal destes.

VOLUNTARIOS

Estará composto polos integrantes da Agrupación Local de Voluntarios de Protección Civil ademais do resto de asociación e voluntarios que se presten a colaborar na emerxencia.

Integraranse nos diferentes Grupos de Acción en función da súa formación e segundo as necesidades precisas en cada momento que coordinarán os responsables dos Grupos.

3.6. CENTROS DE COORDINACIÓN

3.6.1.Centro de coordinación operativa municipal (CECOPAL)

É o órgano coordinador municipal das actuacións na emerxencia, estando ó mando do mesmo o Director do Plan. Está ademais constituído polo Comité Asesor, o Gabinete de Información e un centro de Comunicacións.

Estará emprazado na Casa do Concello de Gondomar.

Dirección	Praza Dr Latino Salgueiro s/n
Teléfono	986 38 91 91
Recursos	
Outras comunicacións	

FUNCIÓNS

- Desde o mesmo diríxese e coordínanse as actuacións dos diversos servizos relacionados co PAM, así como aquelas que determine o director deste PAM.
- Manter contacto directo e continuo co CIAE-112.
- Notificar ós Grupos Operativos e ó CIAE-112 a activación e a desactivación do PAM, e recibir deste centro, seguindo os protocolos, a información relativa á activación, evolución e desactivación do Plan INUNGAL.
- Facilitar, se é necesario, a información á poboación do municipio, cos medios oportunos, segundo as circunstancias de risco e a evolución da situación de emerxencia. Esta información deberá consensuarse coa dirección do Plan INUNGAL.
- Mobilizar e asegurar a transmisión da información e as ordes ós Grupos Operativos locais decididas pola dirección do Plan, así como activar os medios e recursos municipais necesarios.
- Canalizar a orde de autoridade de protección civil municipal de prestación de persoal, a intervención ou a ocupación temporal e transitoria dos bens necesarios para afrontar as actuacións de emerxencia.
- Proporcionar soporte ós medios de emerxencia, de seguridade e ós servizos especializados alleos que interveñan no municipio.

3.6.2.Posto de mando avanzado (PMA)

A súa situación, a determina o Director Técnico da Emerxencia (podéndose constituír máis dun PMA de acordo coas característico da emerxencia).

COMPOSICIÓN

Estará composto como responsable polo Inspector Xefe de Policía Local así como polos coordinadores dos distintos Grupos de Acción. En permanente comunicación co CECOPAL e seguindo as directrices do Director do Plan.

FUNCIÓNS

- Exercer a coordinación in situ dos traballos dos diferentes Grupos Operativos.
- Estar en coordinación co CECOPAL, transmitíndolle información de primeira man.
- Solicitar os medios e recursos precisos para enfrontar a situación.
- Avaliar os danos producidos polo sinistro, baseándose na información recibida dos Grupos Operativos e na previsión de riscos do municipio.

3.6.3.Centro de coordinación operativa (CECOP)

Con carácter xeral, constituirase nas dependencias do CIAE-112, unha vez que se activa o Plan INUNGAL; se as circunstancias o aconsellan, poderán constituírse de forma íntegra ou parcialmente nas proximidade da zona de emerxencia.

Dirección	Avda da Cultura s/n 36680. A Estrada. Pontevedra
Teléfono	112 (gratuíto) 886152700
Fax	886152590 886152591

FUNCIÓNS

O centro de Coordinación Operativa (CECOP) constitúese como o centro de mando das emerxencias, que conta cos medios humanos e técnicos que permiten realizar as función de dirección e coordinación de recursos, ademais de asegurar as comunicación co Posto de Mando Avanzado (PMA) e en xeral cos medios externos que puideran verse implicados na emerxencia.

4. OPERATIVIDADE E IMPLANTACIÓN DO PLAN

A continuación, establécense o conxunto de mecanismos e procedementos planificados previamente para a posta en marcha ou activación do Plan de Actuación Municipal.

4.1. NIVEIS DE EMERXENCIA

PRE-ALERTA

- Cando o CIAE-112 informa dun pre-aviso do Plan INUNGAL como consecuencia dunha alerta derivada de aviso meteorolóxico ou dun seguimento pluviohidrolóxico.
- Cando o CIAE-112 informa una pre-aviso do Plan INUNGAL derivado do control de presas, cando o caudal que se desauga da presa está próximo o caudal que pode producir inundacións augas abaixo desta.

A pre-alerta non implica a activación do Plan.

ALERTA

O Plan activarase en fase de alerta cando se produza algunha das situación seguintes:

- Cando o CIAE-112 informa da activación do Plan INUNGAL en fase de alerta por alerta hidrolóxica ou meteorolóxica que afecta ou pode afectar ó Concello.
- Diante de inundacións en zonas de cultivo que non afecten nin poden afectar a persoas, bens e/ou vías de comunicación.
- Cando hai parámetros obxectivos que fan prever inundacións importantes ou inminentes a curto prazo.
- O final dunha situación de emerxencia, mentres se realizan as tarefas que permiten o regreso á normalidade.
- Cando o CIAE-112 indique que a PRESA DE ZAMÁNS declarou escenario 1(aplicación de medidas correctoras) e/ou a auga que desauga da presa produce desbordamento sen que se produzan danos importantes.

EMERXENCIA

O plan activarase en fase de emerxencia cando se produza algunha das situación seguintes:

- Cando o CIAE-112 informa da activación do Plan INUNGAL en fase de emerxencia por inundacións que afectan ó Concello.

A interface entre o PAM e Plan INUNGAL queda definida a partir de:

- A chamada ó CIAE-112 que informa ou confirma a activación do PAM.
- A coordinación do director do PAM e o director do INUNGAL.
- A configuración dos Grupos Operativos locais establecidos, e a súa integración en caso de activación do plan autonómico, nos grupos operativos previstos no INUNGAL.

Coa activación do PAM , deberá procederse :

- Aviso de activación ós xefes dos Grupos Operativos locais. Normalmente farase a través dunha chamada.
- Constitución dos Grupos Operativos Locais.
- Constitución do CECOPAL.
- Información á poboación sobre a activación do PAM e das medidas de protección a seguir de acordo coas indicacións d o director do Plan INUNGAL.
- No caso de constituír o PMA, establecemento dun contacto permanente.
- Mobilización de medios e recursos asignados ó Plan.
- Activación dos Pans de autoproteción da zona afectada, no seu caso.

4.2. CRITERIOS DE ACTIVACIÓN

Considérase fenómeno meteorolóxico adverso a todo evento atmosférico capaz de producir, directa ou indirectamente, danos ás persoas ou danos materiais de consideración. Os fenómenos meteorolóxicos adversos que xerarán situación de preemerxencia en caso de superarse os limiares previstos serán os seguintes:

- Choivas.
- Tormentas. Cando estén previstas precipitacións en forma de choiva.
- Temporal costeiro. Cando a simultaneidade coas choivas e tormentas puidesen producir un efecto sinérxico.

Limiares e Niveis de Aviso

NIVEL	RISCO
VERDE	Non existe ningún risco meteorolóxico.
AMARELO	Non existe risco meteorolóxico para a poboación en xeral inda que si para algunha actividade concreta.
LARANXA	Existe un risco meteorolóxico importante.
VERMELLO	O risco meteorolóxico é extremo

Segundo a meteoroloxía desfavorable:

Choivas:

NIVEL	LIMIARES 1 HORA	LIMIARES 12 HORAS
VERDE		
AMARELO	15	40
LARANXA	30	80
VERMELLO	60	160

No caso de tormentas, o Plan prevé as seguintes definicións:

AMARELO	Tormentas xeneralizadas con posibilidade de desenvolvemento de estruturas organizadas . Choivas localmente fortes e/ou ventos localmente fortes e/ou sarabia inferior a 2 cm. Dado o carácter destes fenómenos existe a posibilidade de que se poidan producir tormentas de intensidade superior de forma puntual.
LARANXA	Tormentas sucesivas e xeneralizadas, ventos localmente moi fortes e/ou sarabia superior a 2 cm. Tamén é posible a aparición de tornados.
VERMELLO	Tormentas altamente organizadas. A probabilidade de choivas localmente torrenciais, ventos moi fortes e sarabia superior a 2 cm. Probable aparición de tornados.

Temporal Costeiro:

AMARELO	F7, mar combinada de 4 a 5 metros.
LARANXA	F8 e F9, mar combinada de máis de 5 metros e ata 8 metros
VERMELLO	A partir de F10, mar combinada a partir de 8 metros.

O nivel de activación do plan en función do tipo de suceso, mostrase na seguinte táboa cos diferentes niveis:

Suceso	Nivel de activación
Tarefas de control de presas, es etas implican manobras ordinarias con caudais superiores ós habituais	Pre-alerta (non activación)
Tarefas de control de presas, cando a auga que se desauga da presa está próximo ó caudal que pode producir inundacións augas abaixo	Pre-alerta (non activación)
Predición de choivas intensas	Pre-alerta/Alerta
Inundacións de zonas sen presenza de poboación	Alerta
Predición de inundacións inminentes por información meteorolóxica e/ou hidrolóxica	Alerta
Afectación por mal funcionamento da presa (escenario 1 ou superior)	Alerta/Emerxencia
Inundacións con posibilidade de afectación leve a habitantes illados, instalación comerciais, industriais, agrícolas, gandeiras, servizos básicos, etc	Alerta/Emerxencia
Inundacións con posibilidade de afectación importante a núcleos de poboación, grandes instalación comerciais, industriais ou agrícolas, servizos básicos, vías de comunicación, infraestruturas, ganderías, etc	Emerxencia

4.3. PROCEDEMENTOS XERAIS

4.3.1.Actuacións xerais

O servizo de predición da AEMT define niveis de risco meteorolóxico

	VERDE	Non existe risco meteorolóxico	
	AMARELO	Non existe ningún risco meteorolóxico para a poboación en xeral pero si para algunha actividade concreta	
	LARANXA	Existe un risco meteorolóxico importante	ACTIVACIÓN DO PAM
	ROXO	O risco meteorolóxico é extremo	

Os limiares de precipitación para o NIVEL LARANXA que polo tanto activan o PAM son

NIVEL LARANXA	PRECIPITACIÓNS EN 1 H	PRECIPITACIÓNS EN 12 H
AVISO	20mm	60mm
ALERTA	30mm	80mm

En época de risco, débense levar a cabo as seguintes accións:

- Por en coñecemento dos residentes a situación que se estea producindo polos efectos da meteoroloxía adversa por fortes choivas e dos lugares afectados polo desbordamento dos ríos. Advertindo os mesmos dos perigos e das precaucións a ter en conta.
- Achegar tódalas solucións dispoñibles e pertinentes que estean o noso alcance para evitar todo tipo de riscos
- Os bens materiais valorarase a posibilidade de poder retiralos na medida do posible, utilizando todos os medios dispoñibles en coordinación co grupo local de apoio loxístico.
- Utilizar un rexistro dos presidentes da comunidades dos edificios en risco de ser afectados polos desbordamentos dos caudais de ambos ríos, de cara a mantelos informados puntualmente da evolución da situación.

Ante un aviso preventivo (Pre-alerta), levaranse a cabo as actuacións seguintes:

- Seguimento da situación (este seguimento é de tipo interno e polo tanto non sempre se contempla a información á poboación).
- Transmitir a información sobre calquera anomalía detectada que poida ser significativa. Concretamente, informase ós centros de coordinación e os Grupos Operativos locais, se é o caso, de acordo cos procedementos establecidos.
- Unha posible convocatoria do Comité Asesor Municipal, se se considera necesario.
- Comunicar o CIAE-112 que o PAM por inundacións se atopa en situación de Pre-Alerta.

4.3.2.Procedementos de activación. Interface con plans superiores.

Detección e notificación dunha situación de emerxencia

Os avisos de emerxencia que recibe o Concello deberán comunicarse inmediatamente a:

CENTRO INTEGRADO DE ATENCIÓN DE EMERXENCIAS CIAE-112 GALICIA

4.3.3.Procedementos de activación

O CIAE-112 deberá informar ós concellos afectados ou potencialmente afectados pola inundación. O centro de recepción de chamadas do Concello encargarase de comunicarllo ó Alcalde.

En función dos niveis e criterios establecidos no punto 3, o PAM, será activado polo Alcalde mediante o procedemento establecido, directamente ou a proposta do director do Plan INUNGAL a través do CIAE-112.

A interface entre o PAM e o Plan INUNGAL queda definida a partir de:

- A chamada ó CIAE-112 que informa ou confirma a activación do PAM.
- A coordinación do director do PAM e do director do INUNGAL.
- A configuración dos Grupos Operativos locais establecidos, a a súa integración en caso de activación do plan autonómico, nos grupos operativos previstos no INUNGAL.

O producirse a Activación do PAM, deberá procederse a:

- Aviso de activación ós xefes dos Grupos Operativos locais. Normalmente farase a través dunha chamada.
- Constitución dos Grupos Operativos Locais.
- Constitución do CECOPAL.
- Información á poboación sobre a activación do PAM e das medidas de protección a seguir de acordo coas indicacións do director do Plan INUNGAL.
- No caso de constituír o PMA, establecemento dun contacto permanente.
- Mobilización de medios e recursos asignados ó Plan.
- Activación dos Plans de autoprotección da zona afectada, no seu caso.

4.3.3.1. Procedementos de actuación

Unha vez activado o Plan e constituído o Consello Asesor, o CECOPAL e os Grupos Operativos locais, o director do PAM deberá manter contacto permanente co director do Plan INUNGAL, co PMA e cos responsables dos Plans de Autoprotección correspondentes.

4.3.3.2. Actuación dos grupos operativos

Seguindo as fichas dos procedemento de actuación dos distintos Grupos Operativos.

4.3.4.Sistemas de aviso á poboación

Notificación de alerta á poboación, para poñer en práctica tanto as medidas de autoprotección como o confinamento ou a evacuación.

Responsabilidade: con carácter inmediato , o Alcalde do Concello. Unha vez o Plan INUNGAL está activado, esta responsabilidade recae en última instancia no Director deste Plan.

Dirección e coordinación das tarefas de aviso: o Alcalde do Concello, a maiores do dispositivo municipal correspondente, terá o apoio para executar estas tarefas do Grupo Local de Apoio Loxístico e de Seguridade e do Plan INUNGAL.

Destinatarios dos avisos e medios a empregar (elementos vulnerables incluídos no punto 2 :

Elemento vulnerable	Nome da área	Medio de Aviso
Instalación Deportiva	Pista Skatepark	Telefónico/Presencial Policía local
Instalación Deportiva	Pista Cercas	Telefónico/Presencial Policía local
Instalación Deportiva	Pista Tenis	Telefónico/Presencial Policía local
Instalación lúdico Cultural	CDL	Telefónico/Presencial Policía local
Instalación	Almacén Municipal	Telefónico/Presencial Policía local
Instalación Municipal	Centro Nueral Poli	Telefónico/Presencial Policía local
Instalación Deportiva	Calistenia	Telefónico/Presencial Policía local
Instalación lúdico cultural	Antigo matadoiro	Telefónico/Presencial Policía local
Instalación lúdico deportiva	Parque lúdico canino	Telefónico/Presencial Policía local

Os comunicados tipo de aviso para evacuación ou confinamento achéganse no Anexo 1.

4.3.5.Medidas de protección da poboación

4.3.5.1. Confinamento

As zonas de confinamento definiranse de acordo coa localización e as características da emerxencia.

4.3.5.2. Evacuación e acollida

Responsabilidade da decisión de efectuar a evacuación da poboación: Alcalde do Concello.

Dirección e coordinación das tarefas de evacuación: Alcalde do Concello e o Xefe do Grupo Local de Apoio Loxístico e de Seguridade e do Plan INUNGAL para executalas.

Dirección e coordinación das tarefas de acollida: Alcalde do Concello, contando co Grupo Local de Apoio Loxístico e de Seguridade.

Lugares de posible evacuación: as zonas a evacuar de definirán de acordo coa localización e as características da emerxencia.

Centros de acollida de evacuados

Centros de acollida	Capacidade	Observacións
Pavillón de Deportes Bernabé Costas de Miranda	1000 persoas	Situación mais próxima ás zonas inundables
Pavillón de Deportes Souto	800 persoas	Parroquia de Donas
Centro Cultural de Vilaza	50	Propiedade Municipal
Centros Parroquiais de Vincios, Peiteiros, Couso, Mañufe, Borreiros, Donas, Chaín, Morgadáns	500	Asociacións Veciños

4.3.5.3. Control de accesos

En función da localización da emerxencia establecerase controis de acceso nos puntos seguintes:

- Estableceranse controis de acceso no tráfico rodado e os cortes pertinentes nas entradas ós puntos inundables en función da evolución da emerxencia. Informarase dos mesmos polas redes oficiais así como “in situ” ós residentes das alternativas pertinentes, coas sinalizacións circunstanciais axeitadas en cada momento.
